


VIVIR > SOCIEDADE

vivi.r.galicia-hoxe.com



Vista aérea dunha das zonas máis afectadas polas inundacións no distrito de Begusarai en Bihar na India. A situación mellorou moito neste polo descenso dos ríos

O Departamento de Xestión de Desastres de Bihar, na India, di que a situación "mellorou moito" e os esforzos céntranse agora en rescatar os illados e garantir alimentos

ASIA CONTINÚA EN ALERTA

O NORDÉS INDIO E BANGLADESH SON AS ZONAS MÁIS AFECTADAS POLAS INUNDACIÓNS

EFE - Nova De

Numerosas zonas do sur de Asia continuaban onte ao peche desta edición en alerta por mor das inundacións provocadas polas choivas monzónicas, que causaron a morte xa a preto de 450 persoas en Bangladesh, a India e Nepal. O monzón azoutou con especial virulencia o nordés indio e Bangladesh, onde hai numerosas aldeas alagadas e miles de desprazados que sofren de escaseza de comida e auga potable.

Só nos últimos tres días perderon a vida 67 persoas en Bangladesh, lugar moi vulnerable ás inundacións por estar a 10 metros por debaixo do nivel do mar. Isto eleva a 156 as persoas mortas no país asiático por mor das inundacións, segundo cifras oficiais difundidas onte pola axencia bengali UNB.

No norte e nordés do país, o nivel das augas está empezando a descender, pero a situación agravoouse en cambio na zona centro, na que se atopa Dhaka, a capital, onde hai decenas de miles de persoas

incomunicadas. En distrito central de Narayanganj, que forma parte do departamento de Dhaka, unhas 200 fábricas, moitas delas téxtiles, tiveron que suspender a súa produción ó quedaren as súas instalacións alagadas.

Ademais de inxentes danos materiais, as inundacións causaron escaseza de víveres e auga potable en moitas zonas do país, o que levou o Goberno bangladeshí a aprobar a importación de 50.000 toneladas de arroz da India a prezos superiores ós do mercado local.

Mentres este país segue en alerta, no Estado indio de Bihar, fronteiro con Bangladesh, as autoridades aseguraron que as choivas están remitindo, logo de causar preto de 80 mortos e máis de 45.000 desprazados, segundo recontos oficiais.

Un portavoz do Departamento de Xestión de Desastres de Bihar asegurou que a situación "mellorou moito" respecto dos últimos días, e actualmente os esforzos céntranse nas operacións para rescatar as persoas illadas e garantir alimentos e medicamentos ós afectados.

Nos labores de rescate participaron unhas 3.500 lanchas, ademais de catro helicópteros das Forzas Aéreas que lanzan alimentos desde o aire á poboación incomunicada.

A situación mellorou nas últimas horas en Nepal, onde o número de mortos ascende a 93. ●



Vítimas das inundacións buscan unha saída en barcas en Bangladesh

DATOS

Uns 700 refuxios de urxencia

As choivas torrenciais e ríos desbordados alagaron máis de 5.800 aldeas, polo que as autoridades rexionais para socorrer os desprazados instalaron máis de 700 campamentos de urxencia que albergan unhas 128.000 persoeas. Ademais destas medidas, tamén se estableceron 135 centros médicos de urxencia e uns oocientos campos para protexer e cando, sustento de miles de persoas na zona.

De momento non hai epidemias

O sector sanitario "está en alerta", ante o perigo de epidemias, segundo informou o vicesecretario do Departamento de Saúde da rexión, R.K. Majumdar. Non obstante, asegurou que polo momento non se produciu ningún xermolo de enfermidade nas zonas máis afectadas, o centro e o sur do país. Neste momento estanse tomando medidas preventivas para evitalas e para loitar contra a escaseza de comida.